

“CARREIRA E ANDAINA SOLIDARIA GATOCAN OROSO”

En beneficio dos animais custodiados pola asociación Gatocan Oroso (Oroso, A Coruña)

1ª EDICIÓN-Oroso 2026

1. Presentación

A asociación Gatocan Oroso organiza o sábado 28 de febreiro de 2026, ás 11:00 horas, a I edición “CARREIRA E ANDAINA SOLIDARIA GATOCAN OROSO”, en beneficio de todos os animais custodiados pola asociación.

A saída e chegada serán na Rúa Trazo, 2, Polígono de Sigüeiro (ubicación da asociación).

A hora da saída da Carreira será ás 11:00, cun percorrido circular de aproximadamente 5 km (**Anexo I**).

Ás 11:05 dará comezo a Andaina, co mesmo percorrido.

2. Características e modalidades da Andaina

A asociación Gatocan Oroso organiza esta proba deportiva benéfica e de carácter non competitivo, co fin de destinar os beneficios do recadado ao financiamento dos gastos derivados do coidado e mantemento de todos os animais recollidos e custodiados pola asociación nas súas instalacións, así como das colonias felinas situadas no Concello de Oroso. Ademais de fomentar a adopción, dar a coñecer a asociación e apoiar as labores que leva a cabo.

Modalidades da Andaina

-As persoas participantes na Andaina que dispoñan de can, poderán participar acompañadas de seu/s can/s, debendo cubrir na inscrición a correspondente declaración responsable.

-As persoas participantes na Andaina que non dispoñan de can, poderán:

-Participar simplemente realizando o percorrido.

-Participar acompañadas dun can da asociación, sempre que o soliciten previamente o mesmo día do evento (9:00-10:30). A asignación do animal realizarase segundo criterios establecidos pola organización, tendo en conta o tamaño, peso e características do can, así como o perfil e condicións da persoa ou unidade familiar responsable durante a proba, co fin de garantir o benestar do animal e a seguridade de todas as persoas participantes.

3. Reglamento

3.1 Data e hora

A Carreira e Andaina celebraranse o sábado 28 de febreiro nas seguintes horas de saída:

-11:00 horas para os participantes que fagan a Carreira. As persoas que realicen esta proba deberán dirixirse á zona de meta/saída ás 10:50 horas (dez minutos antes da saída).

-11:05 horas para os participantes que realicen a Andaina. Estas persoas deberán estar preparadas para saír despois dos participantes da Carreira.

Todas as persoas participantes teñen a obriga de obedecer as indicacións da organización (voluntarios, Protección Civil, e Policía Local), co fin de garantir o correcto funcionamento do evento, así como a seguridade dos propios participantes e dos membros da organización.

3.2 Idades dos participantes

Na modalidade de carreira haberá unha soa categoría, tanto masculina como feminina e ao non ser competitiva poderán participar deportistas nados a partir do ano 2012

3.3 Entrega de dorsais

Terá lugar os días 25, 26 e 27 de febreiro, no Complexo Deportivo Juanito Amigo Ferreiro de Oroso (Rúa Pablo Iglesias, 2, Sigüeiro) de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 22:30

O día 28 de febreiro na zona de saída (Rúa Trazo, 2, Polígono de Sigüeiro) en horario de 9:00 a 10:30.

3.4 Distancia e percorrido

Tanto a Carreira como a Andaina teñen un percorrido circular de aproximadamente 5 km con saída e chegada á asociación, situada no Polígono de Sigüeiro, na Rúa Trazo, 2. O percorrido adxúntase no anexo II.

4. Inscricións

Os beneficios da recadación de ambas as probas se destinarán na súa totalidade ao financiamento do coidado e mantemento de todos os

animais custodiados pola asociación, tanto nas súas instalacións coma nas colonias felinas.

Prezo

- A inscrición das persoas participantes será de 7€, tanto para a Carreira como para a Andaina, que inclúe o dorsal.
- A inscrición dos menores de 6 anos será gratuíta.
- Contaremos cun Dorsal Solidario (donativo).

Inscricións

A inscrición da Carreira pódese formalizar a través da páxina “carreirasgalegas.com” e no código QR que aparece no cartel da proba deportiva. Estas inscricións pecharanse o 22 de febreiro ás 23:59.

A inscrición da Andaina poderase formalizar a través da páxina “carreirasgalegas.com”, no código QR que aparece no cartel da proba deportiva ou o mesmo día do evento (de 9:00 a 10:30) na zona de saída.

Haberá un **DORSAL SOLIDARIO** para que todas as persoas que non poidan participar no evento poidan contribuír cunha achega económica, de dúas maneiras:

- A través da pasarela de inscrición «carreirasgalegas.com» e do código QR que aparece no cartel da proba deportiva.
- Na conta da asociación Gatocan Oroso, cuxo número é: ES72 2100 7996 4402 0014 2206.

5. Premios, avituallamento e sorteos

Haberá trofeo e un premio sorpresa para cada un dos tres primeiros clasificados da Carreira en cada categoría (femenina e masculina). Ademais, tódalas persoas participantes recibirán un agasallo simbólico por parte da organización.

Os participantes dispoñerán de avituallamento sólido e líquido ao rematar a Carreira/Andaina na chegada de meta.

Por outra banda, levaranse a cabo distintos sorteos, de produtos locais, entre eles, un cesto valorado en 500€. Poderán participar aquelas persoas

que teñan a rifa previamente mercada, tanto durante a celebración do evento coma nos días previos ao mesmo.

6. Seguros e responsabilidades

Tódolas persoas participantes da Carreira estarán amparadas por unha póliza de Seguro de Responsabilidade Civil que se inclúe na inscrición.

As persoas participantes na Andaina que dispoñan de **can propio**, deberán asinar un documento de Declaración Responsable, poderán facelo no lugar do evento antes do comezo, ou levalo impreso e asinado (**Anexo II**), de conformidade con que o seu can dispón de seguro de responsabilidade civil en vigor.

As persoas participantes na Andaina que desexen **pasear a un dos cans cedidos pola asociación**, estarán protexidas polo seguro da mesma, debendo **asinar o documento pertinente** no propio evento, **antes de dar comezo á Andaina**.

7. Dereitos de imaxe

As persoas participantes, ao participar no evento, ceden á organización os dereitos sobre as imaxes tomadas durante a proba, que serán utilizadas exclusivamente para a difusión do evento en redes sociais e medios de comunicación, así como noutras campañas de promoción do evento.

8. Expulsión do evento


A organización resérvase o dereito de expulsar do evento, acudindo ás autoridades se fose necesario, aquelas persoas cuxo comportamento ou estado baixo a influencia do alcohol ou das drogas poida supoñer un problema grave para a realización do evento ou un perigo para o resto das persoas participantes.

9. Suspensión do evento

A organización resérvase o dereito de suspender o evento ou modificar o seu percorrido por condicións excepcionais que poidan supoñer un risco para as persoas participantes ou para os membros da organización.

10. Anexos

Anexo I. Percorrido da Carreira e Andaina



NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.

Anexo II. Declaración de responsabilidade

[Descargar PDF](#)



Declaración responsable– Evento Solidario Gatocan Oroso

Declaración responsable:

Declaro que o meu can ten **seguro de responsabilidade civil en vigor** e asumo toda responsabilidade durante a participación na actividade.

Nome: _____

Fecha: _____

Firma: _____